

## TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Modificación puntual núm.5 do PXOM de Ribadumia  
Promotor: Concello de Ribadumia  
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo  
Expediente: 2022AAE2694

O 16.06.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Oleiros no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual núm.5 do PXOM de Ribadumia para ampliación e regularización do solo industrial no polígono industrial de Cabanelas". O 14.07.2022 o Concello completou o expediente con toda a documentación necesaria para iniciar a tramitación ambiental do plan.

Unha vez analizada a documentación e considerando que:

- 1) A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2) A LSG establece no seu artigo 46.2.a) que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
- 3) O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ás administracións públicas afectadas -entre elas o órgano competente en materia de urbanismo- e ás persoas interesadas, que deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).
- 4) Co obxecto de favorecer a transparencia e a participación cidadá, este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

ACÓRDASE:

**Someter a consulta pública** no portal web deste órgano ambiental **por un prazo de trinta días hábiles** o documento ambiental estratéxico e mais o borrador da *Modificación puntual núm.5 do PXOM de Ribadumia para ampliación e regularización do solo industrial no polígono industrial de Cabanelas*.



No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o planeamento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).

As observacións e suxestións poderán formularse por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: [avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal](mailto:avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal)
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e no portal de Internet da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022